CRITERIOS XERAIS

Para todas as actividades:

Serán acreditables aquelas actividades **que non estean cualificadas como formación regrada, ou/e formación de grao ou posgrao e especialidade.**

Os títulos oficiais regrados (universitarios, de centros de educación superior ou das administracións públicas) **non poderán ser acreditados**.

Os **módulos que os compoñen** poderanse acreditar independentemente, de modo excepcional, cando cumpran os seguintes requisitos:

a) O grupo de participantes no módulo non son unicamente os participantes no título oficial e regrado.
b) A duración do módulo non supera as 100 horas.
c) Que se especifique que o certificado forma parte dun programa máster ou de especialización.

Todas as solicitudes incorporarán un anexo onde constará unha **declaración** sobre os criterios de independencia **da actividade** e se existe algún conflito de intereses. Non se admitirán as actividades de formación presentadas por entidades comerciais de produtos sanitarios ou relacionados.

As solicitudes realizásense a través de SAGAp e utilizando os **formatos normalizados establecidos.**

É **obrigatorio** presentar **unha enquisa de satisfacción da actividade.**

Para actividades presenciais:

1. Descrición da actividade en modelo **normalizado**.
2. **Control de asistencia**.
3. **Curriculum** do responsable e os docentes da actividade en modelo normalizado
4. **Documentos de avaliación**. Obrigatorio **enquisa de satisfacción**.

Para actividades non presenciais:

1. Descrición da actividade en modelo **normalizado**.
2. Descrición dos **sistemas de seguridade, acceso e control de participación**.
3. **Curriculum** do responsable e docentes/titores da actividade en modelo normalizado.
4. **Contidos** da actividade ou ligazón de acceso aos mesmos.
5. **Documentos de avaliación** ou ligazón aos mesmos. Obrigatorio **enquisa de satisfacción.**

Para actividades mixtas:

1. Descrición da actividade en modelo **normalizado**.
2. Descrición dos **sistemas de seguridade, acceso e control de participación para a parte non presencial.**
3. **Control de asistencia da parte presencial**
3. **Curriculum** do responsable e docentes/titores da actividade en modelo normalizado.
4. **Contidos** da actividade ou ligazón de acceso aos mesmos.
5. **Documentos de avaliación**. Obrigatorio **enquisa de satisfacción.**